



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA
AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS. SERVIZO PROVINCIAL DE LUGO

Anuncio

Autorizado o correspondente pago de expropiacións dos terreos ocupados con motivo das obras de:

Obra: Corredor Sarria-Monforte de Lemos. Treito: Noceda-Sarria.

Termo municipal: O INCIO

Clave: LU/03/007.01.1

Este servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas resolveu:

Sinalar a data de pago, segundo a relación de afectados que se achega.

Día: 16 de abril de 2018

Lugo, 1 de marzo de 2018.- O xefe do servizo, Gerardo Pallares Sánchez

Expediente: X1682

Término municipal de:	O INCIO
Informe de direccións dos predios expropiados con motivo das obras:	Corredor Sarria-Monforte de Lemos. Treito: Sarria-Noceda
Clave:	LU-03-007-01-1

PREDIO/S	TITULAR	ENDEREZO
37.1CO1; 37.1; 33CO2; 33CO1; 28CO1; 25CO1	FERNANDEZ ARIAS ARTURO	LG. NESPEREIRA, 4. 27613-SARRIA-LUGO
47CO1	GOMEZ FERREIROS MARIA CARMEN, GOMEZ RODRIGUEZ BEGOÑA, RODRIGUEZ FRANCO ARABEL ,MARIA PAZ	PASEO VIRGEN DEL PUERTO. 5-8ªA.28005. MADRID
4.3; 3.1CO1; 3.1	LOPEZ FERNANDEZ MANUEL 00099983W	LG VILADEMOUROS , 16. 27341- O INCIO. LUGO
31.2	LOPEZ FERNANDEZ MARIA CARMEN	LG. CHORENTE, 1. 27392-SARRIA-LUGO
4588DM; 4571DM; 4308DM	MAGNESITAS RUBIAN SA	C-546 KM.35 VILA DE MOUROS. 27341-O INCIO-LUGO

Expediente: X1693

Término municipal de:	O INCIO
Informe de direccións dos predios expropiados con motivo das obras:	Corredor Sarria-Monforte de Lemos. Treito: Sarria-Noceda
Clave:	LU-03-007-01-1

PREDIO/S	TITULAR	ENDEREZO
28CO2	FERNANDEZ ARIAS ARTURO	LG. NESPEREIRA, 4. 27613-SARRIA-LUGO
4.1	GONZALEZ JOSE MARIA	LG VILARDEMOUROS. 27341. O INCIO. LUGO

R. 0720

Anuncio

Autorizado o correspondente pago de expropiacións dos terreos ocupados con motivo das obras de:

Obra: Proxecto modificado nº 1 da obra de adaptación da estrada LU-641 ao plan de baixa intensidade media diaria (IMD) de vehículos. Treito: Santa María do Mao o Incio

Termo municipal: O INCIO

Clave: LU/08/090.02. M1

Este servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas resolveu:

Sinalar a data de pago, segundo a relación de afectados que se achega.

Día: 16 de abril de 2018.- Lugo, 1 de marzo de 2018.- O xefe do servizo, Gerardo Pallares Sánchez

Expediente: X1681

Término municipal de:	O INCIO
Informe de direccións dos predios expropiados con motivo das obras:	Proxecto modificado nº1 da obra de adaptación da estrada LU-641 ao plan de baixa intensidade media diaria (IMD) de vehículos. Treito: Santa María do Mao o Incio
Clave:	LU-08-090-02-M-1

PREDIO/S	TITULAR	ENDEREZO
260; 263; 259	CAMPO REGUEIRO JULIA	LG. MOURELLE, 2. 27346-O INCIO. LUGO
140; 177	CASTRO BLANCO JAIME	LG. BARRIO, O-TOLDAOS 1. 27636-O INCIO. LUGO
266	CORTIÑAS LORENZANA MIGUEL	RUA PAZ NOVOA, 6-1º. 32003-OURENSE
238	DIAZ LOPEZ AUGUSTO	PQ. RENDAR. 27346-O INCIO. LUGO
187; 197	DIAZ MENDOZA DOLORES, JUAN, JOSE, MANUEL, MARIA RAQUEL, LUZ, GONZALO, NABOR	LLG. VIGO, 1. SIRGUEIROS. 27346-O INCIO. LUGO
252; 17; 141; 198; 228; 239; 253; 236	EN INVESTIGACION, ARTICULO 47 DE LA LEY 33/2003	*
21	FERNANDEZ RODRIGUEZ MANUEL	PQ. REBOIRO SANTA MARIA. 27363-O INCIO. LUGO
94	GOMEZ PERFECTA	PQ. TOLDAOS. 27636-O INCIO. LUGO
216	GOMEZ RODRIGUEZ MARIA RAMONA PRAXEDES	CL. PEREZ GALDOS, 16 PL:4 PT.14. 8903-L'HOSPITALET. BARCELONA.
28	LEBON TORRE MANUEL	PEDRO SACO, 27. 27600-SARRIA. LUGO
50	LOPEZ CORUJO REMEDIOS	LG. REBOIRO PORTO, 1. 27346-O INCIO. LUGO
151	MONTERO ALVAREZ CONSTANTINO	SILGUEIROS, 1. 27346-O INCIO. LUGO
80	MOURELO VIDE MARIA SOL, REMEDIOS	LG. REBOIRO, 1. 27346-O INCIO. LUGO
267	PARADA GARCIA MARIA JOSEFA, JOSE ANTONIO	LG. SIRGUEIROS. 27466-O INCIO. LUGO
243	PEREIRO NEIRA MANUEL	PQ. SANTA CRUZ. 27346-O INCIO. LUGO
18; 6; 9	VEIGA VILA ANTONIO FLORIO	FONTAO, 8. 27610-SARRIA. LUGO.

Expediente: X1716

Término municipal de:	O INCIO
Informe de direccións dos predios expropiados con motivo das obras:	Proxecto modificado nº1 da obra de adaptación da estrada LU-641 ao plan de baixa intensidade media diaria (IMD) de vehículos. Treito: Santa María do Mao-O Incio
Clave:	LU-08-090-02-M-1

PREDIO/S	TITULAR	ENDEREZO
162; 160; 156; 118	MOSCOSO POMBO MONSERRAT	LG LAXES CAMPOSO 6. 27163 O CORGO. LUGO

Expediente: X1722

Término municipal de:	O INCIO
Informe de direccións dos predios expropiados con motivo das obras:	Proxecto modificado nº1 da obra de adaptación da estrada LU-641 ao plan de baixa intensidade media diaria (IMD) de vehículos. Treito: Santa María do Mao-O Incio
Clave:	LU-08-090-02-M-1

PREDIO/S	TITULAR	ENDEREZO
1	ARIAS DIAZ MARIA ASUNCION	VAL DO MAO, 1. 27347-O INCIO. LUGO

R. 0721

Anuncio

Autorizado o correspondente pago de expropiacións dos terreos ocupados con motivo das obras de:

Obra: Segunda fase da travesía de Santa María do Mao, p.q. 6+540 - p.q. 6+490

Termo municipal: O INCIO

Clave: LU/10/036.02

Este servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas resolveu:

Sinalar a data de pago, segundo a relación de afectados que se achega.

Día: 16 de abril de 2018

Lugo, 1 de marzo de 2018.- O xefe do servizo, Gerardo Pallares Sánchez

Expediente: X1679

Término municipal de:	O INCIO
Informe de direccións dos predios expropiados con motivo das obras:	Segunda fase da travesía de Santa María do Mao, p.q. 6+540 - p.q. 6+490
Clave:	LU-10-036-02

PREDIO/S	TITULAR	ENDEREZO
14	CALDAS GONZALEZ EMILIA	REBOIRO. SANTA MARIA. 27636-O INCIO. LUGO
8	COPA BALBOA ANTONIO	MAO,. 27346-O INCIO. LUGO
13	EN INVESTIGACION, ARTICULO 47 DE LA LEY 33/2003	*

11; 3	GARCIA MONTERO BENJAMIN	VALLE DE MAO, 4. 27346-O INCIO. LUGO
49	MVMC VECIÑOS S. M ^a DO MAO	STA. MARIA DO MAO, 15. 27636-O INCIO. LUGO
50; 40	VEIGA VILA ANTONIO FLORIO	FONTAO, 8. 27610-SARRIA. LUGO.

R. 0722

Anuncio

Autorizado o correspondente pago de expropiacións dos terreos ocupados con motivo das obras de:

Obra: Adaptación da estrada LU-641 ao plan de baixa intensidade media diaria (IMD) mellorada. 2ª fase, p.q. 0+000 ao 6+630

Termo municipal: O INCIO

Clave: LU/10/035.02

Este servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas resolveu:

Sinalar a data de pago, segundo a relación de afectados que se achega.

Día: 16 de abril de 2018

Lugo, 1 de marzo de 2018.- O xefe do servizo, Gerardo Pallares Sánchez

Expediente: X1680

Término municipal de:	O INCIO
Informe de direccións dos predios expropiados con motivo das obras:	Adaptación da estrada LU-641 ao plan de baixa intensidade media diaria (IMD) melorada. 2ª fase, p.q. 0+000 ao 6+630
Clave:	LU-10-035-02

PREDIO/S	TITULAR	ENDEREZO
76	ARIAS DIAZ MARIA ASUNCION	VAL DO MAO, 1. 27347-O INCIO. LUGO
89	GARCIA GONZALEZ EUGENIO	PQ. MAO, SANTA MARIA. 27347- O INCIO. LUGO
82	REGUEIRO VILA ESTRELLA	PQ. HOSPITAL. 27347-O INCIO. LUGO.
97	VEIGA VILA ANTONIO FLORIO	FONTAO, 8. 27610-SARRIA. LUGO.

R. 0723

XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

Resolución do 21 de febreiro de 2018 da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria en Lugo, pola que se somete a información pública a petición de autorización administrativa previa e de construción dunha instalación eléctrica no concello de Ribadeo . (Expediente IN407A 2017/74-8546-AT).

Para os efectos previstos na Lei 24/2013 do 26 de decembro (BOE nº. 310) do sector eléctrico, e no título VII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro,(BOE nº. 310) polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización administrativa previa e de construción da instalación eléctrica que se describe:

- Solicitante: BEGASA

- Domicilio Social: parque empresarial As Gándaras, r/ A, parcela U2, Lugo

- Denominación: soterramento da LMT Ribadeo 1 entre AP-161 e CS 5950 Vilar

- Situación: concello de Ribadeo

- Características Técnicas:

· Liña de Media Tensión soterrada a 20 kV baixo tubo, cunha lonxitude de 560 m, con orixe en apoio existente AP-161, condutor tipo RHZ1 240, pasando polo C.T. Mercadona Ribadeo, polo C.S 5950 Vilar (a desmontar) e final no C.S. 9815 Eroski.

· Centro de Transformación en caseta prefabricada existente, cunha potencia de 160 kVA, e unha relación de transformación de 20.000/400-230 V, con foso recolleaceite, 1 cela de protección a maiores das xa existentes e armarios de distribución da rede de BT.

· Liña de Baixa Tensión aérea, cunha lonxitude de 230 m, con orixe en apoio existente HV-11/630 (punto 7), condutor tipo RZ 150 e final en RBTA existente.

· Liña de Baixa Tensión soterrada, con orixe no C.T. Mercadona Ribadeo, condutor tipo RV 240 e RV 95, e final nos C.G. P. de distintos clientes e no apoio existente HV-11/630 (punto 7).

· Desmontar a LMT aérea Ribadeo 1 entre o apoio AP-161 e o C.S. 5950 Vilar integrada por: 280 m de LMT aérea, CTI Reverte, CTI Panificadora e un dos apoios de formigón que o soporta e 120 m de LMT soterrada existente entre o apoio AP-162 e o AP-163.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán examinar o proxecto e presentar as súas alegacións, nesta xefatura territorial, sita na Rolda da Muralla nº.

70-baixo 2- Lugo, no prazo de vinte días a partir do seguinte ao da última publicación desta resolución.

Lugo, 21 de febreiro de 2018.- A xefa territorial, Pilar Fernández López

R. 0570

CONCELLOS

ANTAS DE ULLA

Anuncio

APROBACIÓN PROVISIONAL

O Pleno deste Concello, en sesión extraordinaria celebrada o día 2 de marzo de 2018, acordou a aprobación provisional da modificación da Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre Bens Inmобles.

E en cumprimento do disposto no artigo 17.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días a contar desde o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Durante devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes.

Se transcorrido devandito prazo non se presentaron reclamacións, considerarase aprobado definitivamente devandito Acordo.

Antas de Ulla, 5 de marzo de 2018.- O Alcalde, Javier Varela Pérez.

R. 0734

Anuncio

APROBACIÓN PROVISIONAL

O Pleno deste Concello, en sesión extraordinaria celebrada o día 2 de marzo de 2018, acordou a aprobación provisional da Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre actividades económicas.

En cumprimento do disposto no artigo 17.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días a contar desde o día seguinte ao da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as alegacións que estimen oportunas.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes.

Se transcrido o devandito prazo non se presentaron alegacións, considerárase aprobado definitivamente o referido Acordo.

Antas de Ulla, 5 de marzo de 2018.- O Alcalde, Javier Varela Pérez.

R. 0735

Anuncio

APROBACIÓN PROVISIONAL

O Pleno deste Concello, en sesión extraordinaria celebrada o día 2 de marzo de 2018, acordou a aprobación provisional da modificación da Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

E en cumprimento do disposto no artigo 17.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días a contar desde o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Durante devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes.

Se transcrido devandito prazo non se presentaron reclamacións, considerárase aprobado definitivamente devandito Acordo.

Antas de Ulla, 5 de marzo de 2018.- O Alcalde, Javier Varela Pérez.

R. 0736

OUROL

Anuncio

Por acordo do Pleno do concello de Oural en sesión ordinaria celebrada o día dous de marzo de dous mil dezaioito, aprobouse inicialmente o expediente de desafectación do remolque agrícola de un eixe, marca Ando, número de identificación 400-4152, cambiando a súa cualificación de ben de dominio público a ben patrimonial.

De conformidade co artigo 8 do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, sométese a información pública polo prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da publicación do presente anuncio neste Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de anuncios do concello de Oural.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se consideren oportunas.

Oural, cinco de marzo de dous mil dezaioito.- O alcalde, José Luis Pajón Camba

R. 0737

RIBADEO

Anuncio

CORRECCIÓN DE ERROS

No anuncio deste Concello publicado no BOP de Lugo número 051 de 03/03/2018 publícase a convocatoria da licitación do contrato de servizos : **PREVENCIÓN ALLEO DE RISCOS LABORAIS NAS ESPECIALIDADES DE MEDICINA DO TRABALLO E HIXIENE INDUSTRIAL**

Mediante o presente anuncio corríxense os erros detectados no expediente de licitación referenciado :

a) Prego de cláusulas administrativas. Cláusula cuarta,- Importe do contrato

Onde di:

Pola prestación do Servizo de prevención o importe será de :

	PREZO SEN IVE	IVE	TOTAL
Servizo de prevención	3.982,29 €	836,28 €	4.818,57 €

Debe dicir :

Pola prestación do Servizo de prevención o importe **anual** será de :

	PREZO SEN IVE	IVE	TOTAL
Servizo de prevención	3.982,29 €	836,28 €	4.818,57 €

SEGUNDO.- Publíquese a presente Resolución de rectificación no BOP de Lugo así como no Perfil do contratante desta entidade, e de conformidade co disposto no artigo 75 do RGLCAP **computarase a partir do novo anuncio o prazo legal de presentación de proposicións de ofertas.**

O que se fai público, co obxecto de corrixi-los erros indicados, de conformidade co disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do Procedemento Administrativo común das Administracións Públicas

Ribadeo, o 13 de marzo de 2018.- O ALCALDE, FERNANDO SUÁREZ BARCIA.

R. 0761

RIBAS DE SIL

Anuncio

Aprobados por Decreto da Alcaldía de data 6 de marzo de 2018 o padrón do 4º Trimestre de 2017 do servizo de abastecemento de auga, canon, sumidoiros e recollida de lixo e o padrón da taxa polo Servizo de axuda no fogar do mes de febreiro de 2017, por medio do presente expóñense ao público por prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ó da súa inserción no BOP ao obxecto de que poida ser examinado e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Contra o acordo de aprobación dos devanditos padróns poderá interpoñerse recurso de reposición ante o propio alcalde polo prazo de un mes, contado dende o día inmediato seguinte ó de finalización do período de exposición ó público. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei reguladora da referida xurisdición. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano correspondente da Xunta de Galicia no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación.

O mesmo tempo establece un período de cobranza en fase de ingreso voluntario de dous meses. Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciarase o período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria; procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, a través do Servizo de Recadación da Deputación de Lugo de acordo co establecido no artigo 161 da devandita Lei. No tocante ao canon da auga, a falta de pago no período voluntario suporá a súa exixencia directamente pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia.

A presente publicación, no suposto de exposición ó público dos padróns e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva ó amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Ribas do Sil, 6 de marzo de 2018.- O alcalde, Miguel Angel Sotuela Vega

R. 0738

SARRIA

Anuncio

Aprobado pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 14 de febreiro de 2.018, o sometemento a información pública da "Actualización do Inventario de Bens e Dereitos do Concello de Sarria"; por medio do presente expónse ao público durante o prazo de 30 días hábiles, a contar dende o día seguinte ao da publicación deste edicto no B.O.P. de Lugo, co fin de as entidades e particulares poidan formular todas as observacións, alegacións ou reclamacións que estimen oportunas.

A consulta poderá realizarse na Secretaría Municipal do concello de Sarria, ubicada na Casa Consistoria, rúa Maior nº 14 de Sarria, así como no portal de transparencia do concello de Sarria (Apartado 5. Patrimonio_Patrimonio).

Sarria, 5 de marzo de 2018.-A alcaldesa, María del Pilar López Yañez.

R. 0733

O VALADOURO

Anuncio

CONVOCATORIA E BASES ESPECIFICAS PARA O PROCESO SELECTIVO AO OBXECTO DE CUBRIR, UN (1) XESTOR/A SOCIO-CULTURAL PARA PRESTAR SERVIZOS TEMPORAIS NO CONCELLO DE O VALADOURO SUBVENCIONADO AO ABEIRO DO PLAN UNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS, APARTADO C.3“DEPUEMPREGO 2017”.

Por medio do presente anuncio faise pública a convocatoria e as bases específicas para o proceso selectivo ao obxecto de cubrir, un (1) xestor/a socio-cultural para prestar servizos temporais no Concello do Valadouro subvencionado ao abeiro do Plan Único de Cooperación cos concellos 2017, apartado C.3 Programa Depuemprego 2017, aprobadas por Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria do 6 de febreiro de 2018.

BASES PARA O PROCESO SELECTIVO AO OBXECTO DE CUBRIR, UN (1) XESTOR/A SOCIO-CULTURAL PARA PRESTAR SERVIZOS TEMPORAIS NO CONCELLO DE O VALADOURO SUBVENCIONADO AO ABEIRO DO PLAN UNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS, APARTADO C.3“DEPUEMPREGO 2017”.

CONVOCATORIA

1.1.- As presentes bases teñen por obxecto establecer e regular o procedemento que se aplicará na selección de UN XESTOR/A SOCIOCULTURAL (grupo A/A2) para prestar servizos como FUNCIONARIO INTERINO, artigo 10.1.d) do EBEP

1.2.- As principais funcións do posto a desempeñar son:

a) Xestión, organización e realización das diferentes actividades lúdicas, festivas e culturais que se organicen polo Concello de O Valadouro.

b) Realización das diferentes actividades de carácter cultural que teñan lugar dentro do Centro Sociocultural, Xuvenil e da Terceira Idade Manuel Lourenzo.

c) Promocionar as instalacións municipais culturais: a aula de informática, a biblioteca pública municipal, emisora municipal...

d) Xestión, organización e realización das diferentes cursos, seminarios, obradoiros, ... para achegar ós veciños as novas tecnoloxías a través da aula de informática.

e) Xestionar e dinamizar as canles das novas tecnoloxías do Centro Sociocultural, Xuvenil e da Terceira Idade Manuel Lourenzo a través das redes sociais, páxina web, etc...

f) Colaboración na xestión e catalogación de libros da biblioteca municipal.

g) Obradoiros de lingua galega.

h) Fomentar as celebracións de carácter tradicional coma o Entroido, o Mercado de Primavera ou o Mercado de Outono con novas actividades e significados

1.3.- As presentes bases publicaranse no taboleiro de anuncios, na sede electrónica do concello de O Valadouro así como no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

1.4.- A presente Convocatoria rexerese polo previsto nestas bases,e de forma supletoria no establecido nas seguintes normas: Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, Lei 30/1984, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da Función Pública, Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia, Real Decreto 781/86, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local, Real Decreto 364/95.

1.5.- ADSCRICIÓN: O posto de traballo de Xestor/a Cultural estará adscrito ós distintos servizos que se prestan desde o Centro Socio-cultural, Xuvenil e da Terceira Idade "Manuel Lourenzo" do concello de O Valadouro así como as actividades socio-culturais organizadas polo concello de O Valadouro. O nomeamento realizase no marco da subvención concedida pola Excm. Deputación Provincial de Lugo ao abeiro do Plan Único de Cooperación cos concellos 2017, apartado C.3 PROGRAMA DEPUEMPREGO 2017

2.- RELACIÓN XURÍDICA DO/A TRABALLADOR/A COA ENTIDADE LOCAL SOLICITANTE.

2.1.- O/A aspirante seleccionado/a, vincularase a esta Entidade, mediante a nomeamento como funcionario interino conforme a circunstancia prevista no apartado d) do artigo 10.1.d) do EBEP "Exceso ou acumulación de tarefas", prestando os seus servizos efectivos e retribuídos ó 100% da xornada (37,30 horas semanais).

2.2.- A denominación do posto será o de xestor/a socio-cultural.

2.3.- O grupo de titulación: A/A2.

2.5.- O mencionado nomeamento terá unha duración máxima de 5 meses.

2.6.- O/A aspirante seleccionado/a percibirá as retribucións que correspondan conforme a normativa que rexe o réxime retributivo do persoal funcionario da Administración Local e os Acordos do Concello do Valadouro que sexan de aplicación.

3.- PUBLICIDADE E PARTICIPACIÓN.

3.1.- As presentes Bases íntegras publicaranse no Taboleiros de Anuncios, na páxina web do Concello (www.valadouro.org/convocatorias e axudas), na sede electrónica do concello (valadouro.sedelectronica.es), enviándose estrato da convocatoria ao Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP) así como na páxina web institucional da Deputación Provincial de Lugo.

3.2.- Os resultados das probas, así como as citacións e emplacements aos aspirantes, levarase a cabo a través do Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web da Entidade convocante.

3.3.- A participación no proceso selectivo realizarase a través de chamamento público mediante a publicación destas bases completas no taboleiro de anuncios do Concello e páxina web (www.valadouro.org/convocatorias e axudas), na sede electrónica do concello (valadouro.sedelectronica.es) e enviándose estrato da convocatoria ao Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP).

4.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES PARA TOMAR PARTE NO PROCESO SELECTIVO.

4.1.- Os/As interesados/as dirixirán as súas solicitudes, no modelo oficial que se publica como Anexo I destas bases e que tamén se facilitará nas oficinas municipais, dirixidas ao Sr. Alcalde do Concello de O Valadouro. Coa solicitude aportarán a seguinte documentación:

1. Xerocopia autenticada do Documento Nacional de Identidade.

2. Xerocopia do permiso de conducir clase B.

3. Xerocopia autenticada do título académico.

4. Declaración xurada de NON ter separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares as que desempeñaba no caso de persoal laboral, no que houbese estado separado/a ou inhabilitado/a. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente nin ter sido sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

5. Vida laboral que acredite o tempo de experiencia profesional presentada polo aspirante para a súa valoración, así como contrato de traballo rexistrado no SPEE ou nóminas nos que se acredite o emprego desempeñado e as funcións e tarefas realizadas; ou no caso de servizos prestados nas administracións certificación de servizos prestados expedida polo organismo oficial correspondente. Os méritos que non estean acreditados tal e como se sinala en cada apartado da fase de concurso non poderán ser valorados.

6. Xerocopia cotexada dos documentos que acrediten a posesión dos méritos presentados polo aspirante para a súa valoración na fase de concurso.

7. Xerocopia cotexada dos contratos laborais que acrediten a experiencia no posto de traballo a desenrolar polo/a aspirante para a súa valoración na fase de concurso.

4.2.- As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de O Valadouro (Rúa Feira Nova, 1 CP 27770 O Valadouro) no prazo de cinco (5) días hábiles contados a partir do día seguinte ó da publicación do anuncio e estrato da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

4.3.- As solicitudes poderán presentarse por calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Neste caso o/a solicitante deberá anunciar á Alcaldía-Presidencia a remisión da solicitude mediante fax, telex ou telegrama no mesmo prazo de presentación. As solicitudes que non se presenten no prazo establecido na Base 4.2 non serán admitidas, quedando os/as aspirantes excluídos do proceso selectivo.

4.4.- Os aspirantes con algunha discapacidade deberán indicalo na solicitude, precisando o grado de minusvalía e as adaptacións de tempo e medios para a realización das probas.

5.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES.

5.1.- REQUISITOS XERAIS.

a) Ter nacionalidade española, ou ter nacionalidade doutro Estado sempre e cando cumpran os requisitos do artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, respecto do acceso ao emprego público de nacionais doutros estados.

b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas do emprego ao que se aspira.

c) Ter cumpridos dezaseis anos.

d) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares as que desempeñaba no caso de persoal laboral, no que houbera estado separado/a ou inhabilitado/a. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente nin ter sido sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Estar en posesión dun título académico de Grao Universitario, así como das titulacións de enxeñería técnica, diplomatura universitaria, arquitectura técnica, formación profesional 3º grao ou equivalentes. Considérase equivalente a unha diplomatura universitaria ter realizado o primeiro ciclo dunha licenciatura a efectos do cumprimento deste requisito.

5.2.- REQUISITOS ESPECÍFICOS.

Xunto coa solicitude no modelo oficial e demais documentación establecida na Base 5 destas bases xerais o/a aspirante deberá presentar coa solicitude de participación copia cotexada do Permiso de conducir clase B.

Os requisitos previstos nos puntos anteriores estarán referidos á data límite de expiración do prazo de presentación de instancias e deberán manterse con posterioridade ata o nomeamento do aspirante seleccionado.

Os interesados farán constar na instancia da participación que reúnen todos os requisitos esixidos nesta base, debendo presentar os documentos que os acrediten unha vez feita pública polo Tribunal a proposta de selección, agás os sinalados na base CUARTA, os que se presentarán xunto á solicitude.

No caso de non ter acreditado estar en posesión de todos os requisitos, o aspirante non poderá ser nomeado, sen prexuízo das responsabilidades nas que puidera incorrer por falsidade na instancia.

6.- ADMISIÓN/EXCLUSIÓN DOS/AS ASPIRANTES.

6.1.- Rematado o prazo de presentación das solicitudes, publicarase Taboleiros de Anuncios, na páxina web e na sede electrónica do Concello a lista provisional de admitidos/excluídos, concedéndose un prazo de 5 días hábiles para reclamacións ou corrección de erros (non para alegar novos méritos non alegados até entón).

6.2.- De non recibir reclamacións, elevarase a definitiva a lista provisional, no caso contrario, publicarase no Taboleiros de Anuncios, na páxina web e na sede electrónica do Concello a lista definitiva de admitidos(as)/excluídos(as).

7.- TRIBUNAL DE SELECCIÓN.

7.1.- O Tribunal de selección acomodarse ao establecido nos artigos 60 e 61 do TREBEP e estará integrado por 5 membros titulares e 5 suplentes: Presidente, 3 Vogais e 1 Secretario, podendo actuar indistintamente titulares e suplentes.

7.2.- A pertenza aos Órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ningún.

7.3.- Na composición do Tribunal tenderase á paridade entre homes e mulleres. Non poderán formar parte dos tribunais as persoas de elección ou designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual.

7.4.- O nomeamento dos membros titulares e suplentes que constitúan o Tribunal Cualificador, realizarase polo Sr. Alcalde-Presidente do Concello, debendo pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación igual ou superior ao exixido para participar neste proceso selectivo.

7.5.- A composición do Tribunal publicarase no Taboleiro de edictos xunto coa data da realización das probas.

7.6.- O Tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores naquelas probas que demanden oír a opinión de técnicos especialistas, así como dos colaboradores en tarefas de vixilancia e control e desenvolvemento dos diferentes exercicios.

7.7.- Os designados deberán absterse de actuar se neles concorrese algunha das circunstancias do artigo 23.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público. Por esas mesmas causas poderán ser recusados polos aspirantes resolvéndose a recusación con arreglo ó previsto no artigo 24 da citada Lei.

7.9.- O Tribunal actuará con suxeición ás bases da convocatoria, quedando facultado para resolver cantas dúbidas e demais circunstancias e incidencias que se plantexen durante o proceso selectivo así como toma-los acordos que procedan en orde á cobertura dos empregos convocados.

7.10.- O Tribunal non poderá actuar ou constituírse sen a presenza polo menos da metade mais un dos seus membros, sendo imprescindible en todo caso a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a.

8.- NIVEL DE GALEGO ESIXIDO: CELGA 4.

9.- SISTEMA SELECTIVO: CONCURSO-OPOSICIÓN

Valorarase cun máximo de 50 puntos.

Constará das seguintes fases:

- a) Fase de oposición, que será previa a de concurso e acadará unha puntuación máxima de 30 puntos.
- b) Fase de concurso que acadará unha puntuación máxima de 20 puntos.

9.1- Fase de OPOSICIÓN.

9.1.1. Proba PRÁCTICA.

Consistirá nunha proba que permita valorar a aplicación dos coñecementos e capacidades dos/as aspirantes a un suposto concreto, así como coñecer as súas habilidades e destrezas. Esta proba práctica simulará un suposto que poida darse no desempeño dos postos que se convocan e poderá consistir na realización material desta ou na indicación do itinerario a seguir (fases, trámites, solucións a problemas etc.) para a súa realización, ou ben, materializando ou sinalando algunha destas fases.

Esta proba é obrigatoria e eliminatoria e cualificándose ata un máximo de 15 puntos, sendo necesario para superala acadar 7,5 puntos.

9.1.2. Proba DE COÑECEMENTOS XERAIS E ESPECÍFICOS.

Esta proba terá carácter teórico e a súa finalidade é que os aspirantes poidan amosar os seus coñecementos sobre as materias comúns e as materias específicas contidas no programa incluído nestas Bases.

Dita proba consistirá en:

A) Contestar por escrito un cuestionario con 12 preguntas tipo test, con tres respostas alternativas, elaborado polo Tribunal previamente antes da súa realización en relación cos temas contidos no apartado de "materias comúns" do temario do programa de acceso. A puntuación máxima deste apartado será de 3 puntos.

B) Desenvolver por escrito un tema dos establecidos no apartado "materias específicas" do programa de acceso, seleccionado por sorteo entre os que constan no mesmo, durante o tempo que determine o Tribunal. A puntuación máxima deste apartado será de 12 puntos.

Esta proba é obrigatoria e eliminatoria. A puntuación final da proba de coñecementos xerais e específicos será de 15 puntos obténdose pola soma das puntuacións da proba tipo test e do probas de desenvolvemento dun tema sendo necesario para superala obter unha puntuación de 7,5 puntos.

9.1.3.- Proba de Galego.

O artigo 51.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia establece que:

"[...], para darlle cumprimento á normalización do idioma galego nas Administracións Públicas de Galicia e para garantir o dereito ao uso do galego nas relacións coas Administracións Públicas no ámbito da Comunidade Autónoma, así como a promoción do uso normal do Galego por parte dos poderes públicos de Galicia, nas probas selectivas que se realicen para o acceso aos postos das Administracións Públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei incluírase un exame de galego, agás para aquelas persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega consonte a normativa vixente. As bases das convocatorias dos procesos selectivos establecerán o carácter e, se é o caso, a valoración do coñecemento da lingua galega."

A proba consistirá na tradución dun texto en castelán para o galego ou en galego para o castelán.

Esta proba é obrigatoria e eliminatoria e cualificarase con apto ou non apto.

Estarán exentos da realización da proba de galego os aspirantes que acrediten posuír con anterioridade ao día en que remate o prazo de presentación de solicitudes o CELGA 4, curso de perfeccionamento de galego ou similares.

9.1.4.- Adaptación de probas aos aspirantes que acrediten unha discapacidade igual ou superior ao 33%.

Aqueles aspirantes con discapacidade que se presenten á cota xeral ou a cota reservada a discapacitados poderán solicitar as adaptacións e axustes razoables e necesarios de tempo e medios para a realización das probas, debendo facelo constar na solicitude.

9.2.- FASE DE CONCURSO.

Rematada a fase de oposición, procederá a realizar a fase de concurso ós/ás aspirante/as que superasen a fase de oposición.

9.2.1.- BAREMO DE MÉRITOS.

O Tribunal puntuará os méritos acreditados polos aspirantes, conforme ao sinalado no presente baremo:

A) EXPERIENCIA PROFESIONAL.

Valorarase a experiencia profesional segundo os seguintes criterios ata un máximo de 10 puntos.

No suposto de relacións laborais ou de servizo de carácter parcial, o cómputo do tempo da concreta relación laboral será a que apareza sinalada no Informe de Vida Laboral.

a) Desempeñar ou ter desempeñado a/o praza/posto/emprego ou similar a/o que se convoca, ou realizar as funcións deste, na Administración Pública, ou organismos autónomos de carácter administrativo dependentes desta, como persoal funcionario ou contratado laboral.

- No caso de que se desempeñe a mesma praza/posto/emprego, valorarase a razón de 0,35 puntos por mes.

- Se a praza/posto/función se considera similar, a puntuación será de 0,25 puntos por mes.

Entenderase por posto similar aquel que conteña algunha das funcións do posto que se convoca ou funcións similares dentro dunha área de actividade, escala ou subescala.

b) Cando a experiencia profesional acreditada fose desempeñada en Entidades Privadas:

- No caso de que se desempeñe a mesma praza/posto/emprego, valorarase a razón de 0,25 puntos por mes.

- Se a praza/posto/función se considera similar, a puntuación será de 0,15 puntos por mes.

Entenderase por posto similar aquel que conteña algunha das funcións do posto que se convoca ou funcións similares dentro dunha área de actividade, escala ou subescala na que se encadre.

B) FORMACIÓN:

Valorarase ata un máximo de 5 puntos.

B1) Cursos, xornadas, seminarios, congresos e similares relacionadas coas funcións da posto/función á que se opta:

Valoraranse segundo a seguinte táboa:

TIPO DE CURSOS	PUNTUACIÓN POR HORA
Asistencia.	0,035
Aproveitamento.	0,070

A puntuación máxima neste apartado será de 3 puntos.

Non se terán en conta as asignaturas ou materias aprobadas que formen parte de titulacións académicas, incluídos os master oficiais e master e cursos impartidos polas Universidades baixo a denominación de títulos propios.

B2) Titulacións académicas:

A puntuación máxima neste apartado será de 2 puntos.

As titulacións académicas, incluídos os master oficiais, sempre que o Tribunal considere que están relacionados coas funcións da praza valoraranse a criterio do Tribunal. Excluirase esta valoración a titulación académica que se presente ao obxecto de acreditar o requisito de titulación para participar no proceso selectivo.

10.- PROGRAMA DE ACCESO.

A) MATERIAS COMÚNS.

Tema 1.- A constitución Española de 1978. Estrutura e contido. Os principios Constitucionais.

Tema 2.- O Réxime Local. Lei 7/1985, de 2 de Abril. Reguladora do Réxime Local. Disposicións comúns ás entidades locais. O municipio.

Tema 3.- O Procedemento Administrativo. Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

B) MATERIAS ESPECÍFICAS.

Tema 4.- Animación Socio-cultural. Concepto, obxectivos, funcións, modalidades, relación con conceptos afíns. Animación cultural en equipo. Planificación do traballo, equipo de traballo.

Tema 5.- Infraestrutura para a práctica da animación socio-cultural dentro do Concello de O Valadouro. Instalacións, espazos e equipamentos.

Tema 6.- Coñecemento do tecido económico e social do Concello de O Valadouro. Distribución das parroquias.

Tema 7.- O Concello de O Valadouro. Cesión de espazos públicos municipais.

Tema 8.- A lingua como vehículo cultural. Normalización lingüística e normalización cultural. Aspectos normativos locais e autonómicos. A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística de Galicia.

Tema 9.- O concepto de cultura e desenvolvemento cultural. O valor da cultura. A xestión cultural: Concepto. Xestión cultural-animación sociocultural.

Tema 10.- As bibliotecas públicas: Concepto e funcións. Tipos de bibliotecas. Sistemas e Redes de Bibliotecas. A promoción da lectura. A catalogación de fondos.

Tema 11.- Informática Básica. Conceptos fundamentais sobre o hardware e o software. Entorno windows. Procesadores de texto e folia de cálculo.

Tema 12.- Emisoras municipais de radio. Radio Valadouro e a EMUGA. Ordenanza municipal de Radio Valadouro.

De conformidade co establecido na Base 4.2 das Bases Xerais polas que se establecen as normas para a selección de persoal, de carácter temporal, para prestar servizos ao Concello de O Valadouro (cota xeral ou cota de discapacitados) ábrese un prazo de presentación de solicitude de 10 días naturais contados dende o día seguinte ao da publicación da presente convocatoria no boletín Oficial da Provincia.

ANEXO I (modelo de instancia)

D./D.^a....., con DNI....., nado/-a
.....(data nacemento), veciño/-a de....., con enderezo a efectos de notificación
en.....teléfono.....
.....,

EXPÓN:

Que desexa ser admitido/-a ás probas selectivas de acceso para a cobertura de unha praza de (Sinale con un aspa a praza/s para a cal/es solicita a participación)

□

Que coñece e acepta as bases que rexerán para a dita convocatoria, e declara que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos, referidos á finalización do prazo sinalado para a presentación de instancias.

Que achega coa solicitude a seguinte documentación ou xustificantes esixidos polas bases que rexen a convocatoria así como os xustificantes dos méritos alegados:

(relación de documentación esixida e de méritos alegados)

Polo tanto SOLICITA:

Que se teña por presentada a correspondente solicitude no prazo establecido e se lle admita a tomar parte nas probas selectivas para o/os posto/s arriba indicado/s.

O Valadouro,, de de 2018

(sinatura)

SR. ALCALDE - PRESIDENTE DO CONCELLO DO VALADOURO

O Valadouro, 8 de marzo de 2018.-O Alcalde, Edmundo Maseda Maseda,

R. 0750

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA
XULGADO PRIMEIRA INSTANCIA N.º 5 LUGO

Anuncio

D^a. MARIA JOSE NUÑEZ ABELEZO, secretario judicial del JUZGADO DE PRIMERA INSTANCIA N. 5 DE LUGO, por el presente:

ANUNCIO:

Que en el presente procedimiento seguido a instancia de COFIDIS sa frente a JOSE PEDRO FEITO TUBONI, ALEJANDRA SILVANA NERIS HERNANDEZ se ha dictado sentencia, cuyo tenor literal es el siguiente:

ANTECEDENTES DE HECHO

PRIMERO.— Por la parte actora se formuló demanda de monitorio con arreglo a las prescripciones legales y en reclamación de la cantidad de 6.507,96 euros, requiriéndose a la demandada conforme a la Diligencia de Ordenación obrante en autos, y habiéndose formulado escrito de oposición en los términos del mismo. Por la parte actora se formuló demanda en juicio ordinario con arreglo a las prescripciones legales, admitida a trámite la demanda a medio de Decreto, se emplazó a las partes demandadas para que contestasen a la demanda en el plazo de **20 días hábiles, dejando transcurrir el plazo sin contestar, son declaradas en situación de rebeldía procesal.**

SEGUNDO.- Tras ello se convocó a las partes a la Audiencia Previa al Juicio, prevista en los artículos 414 y siguientes de la LEC, no compareciendo los demandados. A continuación el actor propuso las pruebas, quedando reducidas a la documental obrante que se dio por reproducida, se formularon conclusiones con el resultado reflejado en el soporte audiovisual, quedaron los autos pendientes de dictar sentencia al amparo del artículo 429.8 de la LEC.

TERCERO.— En la tramitación del presente procedimiento se han observado las prescripciones legales.

FALLO

Que ESTIMANDO parcialmente la demanda interpuesta por COFIDIS SA, representada por el procurador, Don Manuel Mourelo Caldas, contra; los demandados, DOÑA ALEJANDRA SILVANA NERIS HERNÁNDEZ, Y DON JOSÉ PEDRO FEITO TUBONI, en situación de rebeldía procesal; DEBO CONDENAR Y CONDENO a los demandados a abonar a la actora la cantidad de 5.955,92 euros, de conformidad con lo fundamentado; con aplicación del interés

legal del artículo 1.108 del CC desde la interpelación judicial hasta la Sentencia y los procesales del artículo 576 de la LEC desde la Sentencia hasta su completo pago; sin imposición de costas.

Librese testimonio de esta Sentencia y llévase a los autos de su razón, quedando el original archivado en el libro de Sentencias Civiles del Juzgado. Notifíquese la misma a las partes y al Ministerio Fiscal, con la advertencia de que no es firme y que contra la misma cabe formular recurso de apelación para ante la Ilma. Audiencia Provincial de Lugo, el cual, de conformidad con el artículo 458 de la LEC, deberá interponerse ante este Juzgado en el plazo de veinte días a contar desde el día siguiente a su notificación.

Así por esta mi Sentencia, definitivamente juzgando en primera instancia, la pronuncio, mando y firmo.

Y encontrándose el demandado JOSE PEDRO FEITO TUBONI, ALEJANDRA SILVANA NERIS HERNANDEZ en paradero desconocido, se expide el presente a fin de que sirva de notificación en forma al mismo.

En LUGO, a cuatro de diciembre de dos mil diecisiete.- EL/LA LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA

R. 0740